Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

Tres fontes e tres ríos

Naceron tres fontes xuntas coma tres irmás (a principal diferencia entre as versións citadas na bibliografía é que os ríos poden ser o Ouro, Landro e Eume, o Masma, Landro e Eume ou ben o Eume, Sor e Landro, tamén chamado Landrove, pero todos co nacente nas abas da Serra do Xistral) e o mar prometeulles dar unha persoa todos os anos á que primeiro chegase onda el.

As tres fontes irmás puxéronse ó camiño, vixiándose unhas ás outras. Pero chegou o momento en que cansaron e decidiron descansar pero antes acordaron que a primeira que espertase avisaría ás outras para proseguir o camiño.

Espertou unha e botouse ó camiño sen avisar ás outras, silandeira, a ras de chan para non facer ruído. Espertou a segunda e decatándose da traición da primeira tamén se botou ó camiño, ás caladiñas, para que a terceira das irmásn non despertase.

Cando acordou a terceira e viu o que lle fixeran as outras dúas tirouse a rolos, saltando sebes e valados, bruando entolecida e conseguiu chegar ó mar antes que as súas irmás. Esta fonte deu orixe ó río Eume e é este o motivo polo que este río recibe de agasallo todos os anos unha persoa que lle regala o mar.

Véxase a semellanza con "A lenda dos tres ríos"

.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

BOUZA-BREY, Fermín, «Los mitos del agua en el noroeste hispánico», en Revista General de Marina, vol. CXXIX, 1942.

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 58.

DONAPETRY IRIBARNEGARAY, Juan, Historia de Vivero y su concejo, ed. facsimil, Lugo, 1991, p. 62.

FIGUEIRA TENREIRO, S. e PERNAS BERMÚDEZ, C.,«Proxecto de dinamización das terras da Carba e Monseivane», en Boletín do Museo Provincial de Lugo, XI, vol. 2, 2003/2004, pp. 129-176.

MIRANDA, X. «Un conto ruso na Galiza», A Nosa Terra, nº 1131, 3-9 de xuño de 2004, p. 32.[O autor fai ver a semellanza deste relato cun conto de Afanásiev e propón a súa adscrición ó tipo 299 do catálogo de A. Aarne e S. Thompson].

RISCO, V. , «Etnografía. Cultura espiritual», en Historia de Galiza, I, (dir. por R. Otero Pedrayo), Akal, Madrid, 1962, p. 274.

RIVERA ROUCO, E., *Estudio sobre la Historia de Puentes de García Rodríguez y su comarca*, As Pontes de García Rodríguez 1976.

VAQUEIRO, Vítor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998, pp. 304.

VARELA, X. e LOBATO, X., Eume, Endesa, 1996.